

# 2001: UNHA ODISEA DO ESPAZO

# 1324


Stanley Kubrick, 1969

ESTREA EN NUMAX: 04.07.2024 | V.O.S.E. | 139 min

O filme de ciencia-ficción por excelencia da historia do cinema narra os diversos períodos da historia da humanidade, non só do pasado, senón tamén do futuro. Hai millóns de anos, antes da aparición do homo sapiens, uns primates descubren un monolito que os conduce a un estadio de intelixencia superior. Millóns de anos despois, outro monolito, soterrado nunha lúa, esperta o interese dos científicos. Por último, durante unha misión da NASA, HAL 9000, unha máquina dotada de intelixencia artificial, encárgase de controlar todos os sistemas dunha nave espacial tripulada.

«Segue a ser visionaria despois de todos estes anos. Un clásico que influenciou a unha xeración de filmes de ciencia ficción.»

Peter Bradshaw, THE GUARDIAN



# 2001: UNHA ODISEA DO ESPAZO

Stanley Kubrick, 1969

## 13 datos curiosos sobre “2001: Unha odisea do espazo”

- 1) A idea orixinal para *2001: Unha odisea do espazo* era unha serie de segmentos nos que se exploraban varios planetas -e as súas lúa-, e terminaba co descubrimento do monólito na -nosa- lúa. Chamárona (en broma): “How the Solar System was Won”.
- 2) Un dos borradores do guión tiña narrador.
- 3) As paisaxes africanas das escenas iniciais son fotografías.
- 4) Os primeiros humanos acabaron sendo máis simios que humanos por culpa do sistema de calificación: se Kubrick os mostraba espidos, a película ía recibir a cualificación X.
- 5) HAL ía ser un robot, pero pensaron que axiña se convertería nunha tecnoloxía obsoleta. Unha vez se decidiron polo ollo que todo o ve, pensaron en facelo muller e chamala Athena.
- 6) A filla do Dr. Floyd é Vivian Kubrick, filla do director.
- 7) A banda Pink Floyd recibiu unha oferta para crear a banda sonora. Non puideron aceptar porque tiñan outros compromisos.
- 8) *2001* ía terminar como o conto no que está baseada (“The Sentinel”, de Artur C. Clarke): descubrindo o terceiro monólito nunha lúa de Saturno. Pero, debido a que o equipo de efectos especiais non lograba aneis convincentes, cambiouse de idea.
- 9) Tardáronse 12 horas en colocar a maquillaxe de ancián a Keir Dullea.
- 10) A película ten un total de 88 minutos sen diálogos, dos cales 25 son ao comezo e 23 ao final (sen contar os créditos).
- 11) Kubrick organizou unha preestrea para críticos, e arrepeniuse: todas as críticas foron negativas.
- 12) 241 persoas abandonaron a sala durante a première.
- 13) Kubrick eliminou 19 minutos dos 158 orixinais despois da première, de modo de que *2001* tivese un ritmo máis rápido.

Publicado en [conproyector.blogspot.com](http://conproyector.blogspot.com)



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*2001: Una odisea espacial,*  
Arthur C. Clarke.  
Debolsillo, 2016

*Kubrick,*  
Miguel Clement.  
Akal, 2000

*Stanley Kubrick.*  
*Biografía,*  
Héctor Sánchez Moro.  
T&B, 2017, 2015